



BASES QUE REXEN A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO IMAXINA CORUÑA I EDICIÓN

Base primeira: definición do concurso

O Servizo de Educación, en colaboración co Servizo de Cultura, organiza a I edición do programa IMAXINA, de cara ao curso escolar 2021-2022.

O programa Imaxina nace como unha iniciativa municipal de carácter innovador que pretende difundir a cultura científica e tecnolóxica entre o alumnado dos ciclos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

A organización propondrá un tema que servirá de marco para que o alumnado participante desenvolva un proxecto orixinal empregando ferramentas científicas, tecnolóxicas e matemáticas (STEM) que teña como finalidade contribuír a resolución dun problema real da sociedade. O proxecto rematará coa presentación pública dos experimentos ou materiais creados que cheguen á fase finalista.

O programa proporcionarlles apoio aos centros participantes mediante un asesoramento por especialista na materia, e ofrecerá premios incentivadores que priman as mellores iniciativas tanto do alumnado participante como do centro educativo.

Para realizar a valoración dos proxectos presentados e seleccionar aos gañadores o concello contara coa colaboración de persoas expertas en educación e comunicación científica e persoas mozas con experiencias en actividades científicas.

Base segunda: obxectivos

Os obxectivos do programa **IMAXINA** son os seguintes:

- Fomentar actitudes positivas da ciencia e da tecnoloxía, dando respostas, mediante a experimentación ou o deseño, a cuestións que promovan un planeta sostible.
- Favorecer e mellorar o desenvolvemento de valores educativos tales como: creatividade, traballo en equipo, solidariedade e autonomía.
- Impulsar e fomentar iniciativas entre o alumnado.
- Apoiar e incentivar o persoal docente dos centros educativos na súa tarefa de formación
- Dar visibilidade a iniciativas innovadoras que desenvolvan os alumnos e as alumnas.
- Incentivar a participación das rapazas no ámbito da ciencia e da tecnoloxía, na procura da ruptura da fenda de xénero nesta materia.

Base terceira: temática

Nesta I Edición a temática do concurso proposto polo concello será: **os novos materiais para un mundo mellor.**

O reto consistirá no desenvolvemento dunha investigación ou deseño tecnolóxico relacionado coa sostibilidade, a innovación ou o compromiso social, tomando como base os novos materiais.



Os distintos materiais forman parte da propia evolución da humanidade. Algunhas das etapas nas que se divide a historia viñeron determinadas polo uso de diversos materiais ao longo dos tempos marcando distintas etapas evolutivas tales como as idades de pedra, de bronce ou de ferro.

Na actualidade a procura de materiais sostibles é un reto para as diferentes empresas que repercute non só no aspecto medioambiental senón tamén no aspecto económico. A implantación das novas tecnoloxías fomentou o xurdimento de novos materiais que están a ter un gran impacto na nosa sociedade. A implantación, a título de exemplo, de novos medios de transporte, como o tren de alta velocidade; medios de comunicación, como as baterías dos teléfonos móbiles; ou de sofisticados métodos cirúrxicos, como os implantes; precisa do desenvolvemento dun conxunto amplo de materiais con propiedades específicas.

A partir dos eixos que vertebran este concurso, queremos que o alumnado da ESO e Bacharelato da nosa cidade axuden a transformar a nosa realidade cotiá a través da innovación, a sostibilidade e o compromiso social. Seguindo estas tres vías, os equipos participantes deberán presentar un produto final ou experimento que contribúa a avanzar de cara a un planeta máis sostible.

O concello correrá cos gastos en concepto de material funxible que estea relaciona co traballo a desenvolver hasta un máximo de 150 euros por grupo participante.

Considérase material funxible o material de oficina, fotocopias, alugueiro de material informático ou audiovisual, compra de material para levar a cabo o produto final ou o experimento etc.

Base cuarta: destinatarios

Poderán participar no concurso os centros educativos con sede na nosa cidade que contén con grupos de alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Cada centro poderá solicitar participar cun máximo de 3 grupos.

Os grupos poderán contar entre 2 e 4 participantes, que só se poderán inscribirse nun grupo. Todos os grupos deberán ser mixtos de cara a fomentar os principio de igualdade na ciencia que defende este concurso. Non se admitirá máis dun proxecto por grupo.

Un profesor ou profesora das materias relacionadas liderará o grupo ou grupos participantes e responsabilizarase do alumnado que os integra. O persoal docente designado por cada centro servirá de ligazón co persoal municipal responsable do programa.

Poderán participar un máximo de 40 grupos. A selección dos participantes realizarase por rigorosa orde de entrada da solicitude por centro, de tal xeito que se se superan as previsións, a prioridade establecerase por centros, é dicir, se un centro presenta varios grupos a prioridade será a participación do maior número de centros posibles fronte ao maior número de grupos por centro.



Base quinta: dinámica

Para participar no programa cada centro educativo deberá cursar a solicitude de inscrición a través da páxina web educativa no prazo establecido na dita páxina:

<https://www.coruna.gal/educacion/gl/plan-coruna-educa/fichas-de-inscricion>

O reto consistirá na elaboración dunha investigación ou deseño tecnolóxico sobre novos materias, utilizando a ciencia, a tecnoloxía, a enxeñeira e as matemáticas para resolver un problema real na comunidade.

Xunto ca solicitude, deberá acompañarse a seguinte documentación como anexo:

- Título do reto
- Nome, apelidos e DNI das persoas participantes, incluíndo o persoal docente
- Categoría ou principal vencello do proxecto: sostibilidade, innovación ou compromiso social
- Breve descrición do reto que se propón (máximo 10 liñas)
- Relación de materias previstos para a elaboración do produto (no caso de deseños tecnolóxicos)

Os centros recibirán confirmación da inscrición do seu proxecto.

Base sexta: desenvolvemento

O concurso vén determinado polas seguintes fases para desenvolver desde o mes de outubro de 2021 ata o mes de marzo do 2022.

Fase I.- Preparación do proxecto. Datas previstas de outubro a 15 de febrero

- Xornada presencial ou telemática sobre novos materiais nunha das instalacións dos museos científicos coruñeses
- Fontes de información:
 - ✓ Nuevos materiales en la sociedad del siglo XXI. Colección Divulgación CSIC.
<https://www.icmm.csic.es/es/divulgacion/documentos/materiales.pdf>
 - ✓ Quimolmat, CICA, UDC <https://cica.udc.gal/es/grupo/quimica-molecular-y-de-materiales>
 - ✓ Materiom, <https://materiom.org/>
- Asesoramento durante a elaboración dos traballo por parte dos Museos Científicos Coruñeses a través dun correo creado para tal fin.

Fase II.-Presentación da memoria final

O prazo de presentación da memoria final rematará o 15 de febreiro debendo achegarse en formato PDF a través do correo electrónico facilitado para este concurso.

A memoria debara ser orixinal, inédita e innovadora e deberá conter:

- Título do reto.
- Nome, apelidos e DNI dos participantes.
- Nome, apelidos e DNI do profesor que liderou o reto.
- Se se trata dunha proposta científica: hipótese, materiais, resultados e conclusións.



- Se se trata dunha proposta tecnolóxica: idea, descrición técnica e solución adoptada, plan de fabricación e conclusións.
- Deberanse achegar tamén imaxes, táboas, gráficos, fotografías ou calquera outro elemento que dea soporte á memoria presentada.

A memoria deberá presentarse usando a letra Arial 11 e non poderá superar as 20 páxinas. Quedarán excluídas as memorias que non se axusten a estes requisitos.

Fase III.- Valoración da memoria

A valoración das memorias realizarase coa posta en común das valoracións dun xurado sénior composto por un mínimo de 3 membros, todas elas persoas de recoñecido prestixio na educación e a comunicación científica.

Este xurado seleccionará, en base as memorias presentadas, os proxectos que pasarán á final e participarán na feira de ideas onde se presentarán os proxectos e produtos.

Fase IV.- Feira de Ideas e Premios "Imaxina Coruña" .Data prevista: mes de marzo

Os proxectos finalistas farán unha presentación nas instalacións da DOMUS, onde se lles facilitará un espazo (posto) rotulado co nome do centro ao que representan así como co título do proxecto finalista.

A feira Imaxina Coruña celebrarase nun día a determinar do mes de marzo en horario de 11.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 18.30 h nas instalacións da Domus.

Neste espazo o alumnado presentaralle ao público asistente os seus produtos e poderá acompañalos de vídeos expositivos, materiais publicitarios, audiovisuais, teatrais ou calquera outra ferramenta ou medio que estime oportuno co fin de conseguir un maior atractivo e atención sobre a súa proposta.

Un xurado júnior composto por un mínimo de 3 mozas/os con experiencia en actividades científicas (membros do club da ciencia, participantes en feiras científicas, premiados en proxectos de ciencias ou tecnoloxía, STEMBac...), visitarán os espazos de exposición dos produtos para os valoraren.

Unha vez visitados os espazos, o xurado retirarase a deliberar de cara a comunicar o veredicto dos proxectos premiados. Para a dita valoración o xurado deberá ter en conta a autenticidade das investigacións, a súa orixinalidade, o seu rigor científico e tecnolóxico, o sentido crítico, a súa viabilidade, capacidade para mellorar a vida das persoas e todos aqueles aspectos que demostren curiosidade e constancia.

A decisión do xurado será inapelable. Pódese declarar deserto algún dos premios.

Base sétima : premios

Para cada unha das categorías deste concurso establécese como premio a invitación a participar ou visitar unha feira científica estatal, incluíndo gastos de desprazamento e



alojamento para os equipos gañadores e os docentes (máximo 5 persoas/grupo). Para esta edición a feira elixida é:

- Zientzia Azoka, Bilbao, <https://zientzia-azoka.elhuyar.eus/es/> (duración 1 día)

Os premios virán establecidos en función de distintas categorías:

- Premio á sostibilidade
- Premio á innovación
- Premio ao compromiso social.

Os grupos premiados que vaian a participar nas feiras científicas, deberán de adaptarse as normas de participación establecidas nelas.

Fora das categorías mencionadas, aqueles grupos concursantes que presenten un vídeo relato do seu proxecto, cunha duración máxima de 3 minutos, será publicado en youtube e sometido a votación popular os 3 días anteriores a celebración da feira. O gañador da votación popular será premiado con un estabilizador.

As características do vídeo deberán ser as seguintes: duración máximo de 2 minutos; formato horizontal; resolución mínima de 720p e peso máximo de 50M.

Ademais cada centro educativo onde estea matriculado o alumnado premiado nas 3 categorías sinaladas, recibirá un cheque regalo por importe de 500 euros para gastar nun establecemento comercial da cidade da súa escolla. Este importe deberá destinarse para a adquisición de material científico e tecnolóxico para a aula participante no concurso.

Base octava: Aceptación das bases

O feito de participar no concurso Imaxina Coruña implica o coñecemento e a aceptación das presentes bases.

Base novena: Protección de datos

Consonte á lexislación vixente en materia de protección de datos informamos que o responsable do tratamento dos seus datos será o Concello da Coruña.

Os datos serán tratados coa finalidade de xestionar e tramitar a solicitude de inscrición no concurso regulado por estas bases. Non se comunicarán datos de carácter persoal a terceiros salvo que a cesión sexa lícita conforme ao establecido no Regulamento Europeo de Protección de datos e a normativa española vixente.

De conformidade co artigo 7 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, a autorización para o tratamento dos datos derivados deste concurso para os participantes menores de 14 anos, deberá vir referendado polo titular da patria potestade ou tutela.